

# Pippi Långstrump xa fala galego

O selo pontevedrés Kalandraka recupera para a lingua de Rosalía, 72 anos despois, o libro no que a escritora Astrid Lindgren creou en 1945 a universal personaxe infantil

HÉCTOR J. PORTO  
REDACCIÓN / LA VOZ

«Xa está en máquinas», festexan en Kalandraka. O selo pontevedrés prepara o lanzamento para a última semana de setembro de *Pippi Mediaslongas*, a tradución ao galego do libro en que a escritora Astrid Anna Emilia Ericsson, coñecida artisticamente como *Astrid Lindgren* (Näs, Småland, 1907-Estocolmo, 2002), botou a andar alá por 1945 unha das máis universais personaxes da literatura infantil: Pippi Långstrump. Precisamente, é a partir desa edición primixenia sobre a que traballou Kalandraka, que subliña que o libro conta ademais coas ilustracións en branco e negro orixinais e restauradas obra da excepcional debuxante danesa Ingrid Vang Nyman. Unha colaboración con Lindgren, por certo, da que xa disfrutara o lector do país en *Os nenos de Bullerbyn*, que editou no 2014 Sushi Books.

É coñecido que Lindgren compuxo a exitosa criatura de Pippi animada pola necesidade familiar: a súa filla pequena Karin andaba na cama enferma e ela debía botarlle imaxinación para entretela. Acabou por facer un texto coa historia e ata a presentou a un concurso sen que aquilo resultase. Pero porfiou e o conto foi publicado e hoxe hai versións do relato por todo o mundo, adaptacións á televisión e ao cine, e series de debuxos animados. A autora —de cuxo nacemento se cumpren 110 anos o próximo 14 de novembro— converteuse nunha referencia litera-



O libro conta coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman.

ria e intelectual na súa Suecia e en toda Europa. Foi unha persoa lonxeva, e moi influente, acadou prestixio académico e unha grande presenza social, xa que se implicou en moitas causas públicas, cun fondo compromiso na axuda á infancia, na defensa da muller e na protección do medio ambiente. E, pese a todo, e a que escribiu moitas outras cousas, a súa figura sempre está asociada e é recor-

dada pola audaz aventureira de apenas 9 anos, a nena das trenzas e pelo vermello (Pippilotta Viktualia Rullgardina Krusmynta, no seu nome completo).

«A incorporación de *Pippi Mediaslongas* ao catálogo en galego, ao noso sistema literario, é toda unha satisfacción», celebran en Kalandraka. É a aposta para a *rentrée* de outono do selo pontevedrés, que ten en proxecto «se-

guir publicando a obra de Astrid Lindgren en galego. Forma parte da nosa filosofía de ir incorporando ou recuperando na nosa lingua as obras dos grandes clásicos da literatura infantil e xuvenil de todos os tempos». É verdade que tal maneira de traballar, con moito rigor, ademais, está, neste caso, perfectamente acreditada: «Levámolo facendo así —inciden— dende hai case vinte anos [os que cumprirá a editorial no 2018], con autores tan sobranceiros como Maurice Sendak, Arnold Lobel, Shel Silverstein, Leo Lionni, Tomi Ungerer, Adela Turin...».

Interpretada pola actriz Inger Nilsson nunha serie televisiva sueco-alemá, realizada a finais dos anos sesenta e emitida por TVE, aquela nena rebelde e valente, Pippi, tivo un peso decisivo na educación sentimental de miles de nenos galegos, que agora, na corentena e na cincuenta, poderán ler a primeira aventura da irreverente Mediaslongas vertida ao galego por David Álvarez.

Non é cousa puramente arqueolóxica. A saga segue viva. O modernísimo selo barcelonés Blackie Books reeditou en español os contos completos de Pippi. E ata o propio Stieg Larsson confesara que a extravagante rapaciña —orfa de nai e filla dun pirata— lle foi inspiración directa para a creación da *hacker* Lisbeth Salander, a heroína de *Millennium*, que, por certo, vén de chegar á quinta entrega da man do escritor David Lagercrantz: *O home que perseguía a súa sombra*. En fin, Pippi é toda unha icona contemporánea.

## PARA ESCOITAR



### «Celtis Australis»

Pancho Álvarez

17 cortes

Altafonte / Fol Música

13,95 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Quinto álbum en solitario do músico porriñés Pancho Álvarez, un dos membros máis veteranos e prestixiosos do panorama folk galego. A súa traxectoria está marcada polo seu paso (foron quince anos) pola banda Na Lúa, polo traballo no efémero pero inesquecible grupo Matto Congrio e, despois e durante máis dun decenio, pola integración na potente formación que acompañaba polo mundo adiante ao gaitero Carlos Núñez. Arranzada cualificado e intérprete especializado en instrumentos de corda, Álvarez parte da tradición para, con moito respecto, introducir innovacións —non só relativas ás ferramentas que usa, como o bouzouki, a viola ou a viola de gamba— con man de mestre, con absoluta naturalidade. Nada rincha aquí baixo o título *Celtis Australis*, disco onde propón unhas músicas positivas, cheas de dozura e optimismo, que apelan á condición dos galegos como celtas do sur. Traballo coral, está cheo de colaboracións ilustres e suxestivas como as de Pablo Novoa, Magín Blanco, Carlos Beceiro e Manuel Forcadela.

## IN MEMORIAM XOHANA TORRES

### Segue a navegar

LUÍS GONZÁLEZ TOSAR

Partiu non sen antes, hai apenas nada, peregrinar, coas *Elexías a Lola*, «ata o mundo amatista das viñas» coas vides cargadas de cangallos, para botarlle a conta, vago a vago, á vida. Sabedora de que se achegaba o outono, entre ouros e cobres, o tempo de despoixa da vendima, e que... «nada se entenderá de todo/ se antes non regreso ao punto de partida». Salvador García-Bodaño foi, xunto con X.L. Méndez Ferrín, quen a propuxo para a Academia Galega. O propio Bodaño deu resposta ó seu profundo discurso de ingreso, *Eu tamén navegar* (RAG, A Coruña, 2001). E acerta, o autor de *Ao pé de cada hora*, cando di: «nela viñeron confluír sangue da fecunda terra, interior e fluvial, do Ribeiro de Avia e máis aquelas outras do

aberto litoral, arousá e mariñeiro do Grove». Por iso foi polo que Xohana, antes de iniciar unha nova travesía, retornou a Sibila en Rivadabía, «chambra moura, bendita sexa a que esmagaba os acios/ para facer o viño como se fose a luz». Sabía desas cartas de navegación Luciano Rodríguez, encargado da non doada tarefa de levar a cabo a *Poesía reunida* (1957-2001). Tiña diante unha das nosas grandes voces, a que lograra encarnarse na esencia do ser, no tempo e na memoria, no mito que xorde da palabra. O profesor Rodríguez antepúxolle ó volume —ilustrado na sobrecuberta coa reprodución dun fermoso cadro de Urbano Luigrís, *Paisaxe con las Islas Cies*, escollido pola autora— un interesante e esclarecedor traballo: *As mareas poéticas de Xohana Torres*. Lembrou

perfectamente, como editor, que custou barro e farelo convence-la de que nos enviase un retrato, condición obrigada polo deseño da *Colección Arte de trovar*. Despois de varias conversas telefónicas —falabamos case a diario, daquela— decidiu mandar un debuxo de Segura Torella, artista que participara, como ilustrador, no grupo Teatro Estudio, no que apareceu, en 1966, a súa peza teatral, *Un hotel de primeira sobre o río*, dedicada «á miña aboa Dolores, en Catabóis, lonxe xa do seu tempo das viñas». Xohana Torres decide atender a nosa solicitude de recoller *Do sulco* (1957), *Estación ao mar* (1980), *Tempo de ría* (1992) e dez poemas non recollidos en libro no 2002, e Luciano Rodríguez, compilador —en constante consulta con Xohana—, redactor do estudo e dunha rigo-



Debuxo de Xohana Torres realizado polo artista Segura Torella que enviou a propia escritora aos editores dunha das súas obras, que lle pediran unha foto. A autora optou por mandar un debuxo, xa que o consideraba moito máis apropiado.

rosa bibliografía —de e sobre— non remata o seu labor, sen presa e sen pausa, ata febreiro de 2004. O libro sairá do prelo en setem-

bro. Non morreu, non, quen transitou con destreza case todos os mares do verbo. Ela segue a navegar, cun ronsel inmenso.